BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

VENRES, 6 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 255

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MULLER E IGUALDADE

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERRO NO ANUNCIO DO BOP Nº 248 PUBLICADO O XOVES, 29/10/2026 DA RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE MULLER E IGUALDADE (SECCIÓN DE IGUALDADE) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2026

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembr0, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola área de Muller e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo, no segundo trimestre do ano 2026:

Onde di,

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPOS SUBVENCIÓN	OBXECTO/ ACTIVIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	Nº ANOS	ORGANO DE APROBACIÓN
Muller e Igualdade	Igualdade	Asoc. de Mulleres con Discapacidade de Galicia	G-70223417	Nominativa	VIO 9: Ver para erradicar	2311.48900	5.200,00 €	1	Presidencia

Debe dicir,

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPOS SUBVENCIÓN	OBXECTO/ ACTIVIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	Nº ANOS	ORGANO DE APROBACIÓN
Muller e Igualdade	Igualdade	Asoc. de Mulleres con Discapacidade de Galicia	G-70223417	Nominativa	VIO 9: Ver para erradicar	2311.48900	**6.500,00 €**	1	Presidencia

Lugo, 30 de outubro de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 2992

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERRO NO ANUNCIO DO BOP Nº 248 PUBLICADO O XOVES, 29/10/2026 DA RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL (SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2026

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dáse publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola area de Promoción Económica e Social (Sección de Benestar Social) da Deputación Provincial de Lugo, no terceiro trimestre do ano 2026:

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

Onde di,

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO/ ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV.	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Síndrome de Down	G-27202043	Excepcional	Gala celebración do día Mundial da Síndrome de Down e do 30º Aniversario de Down Lugo	2314.48911	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Penitenciaria Concepción Arenal	G-27119809	Excepcional	Motivación ó cambio: Programa motivacional dirixido a persoas internas en centros penais	2314.48911	5.000,00 €	1	Presidencia

Debe dicir,

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO/ ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV.	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Síndrome de Down	G-27202043	Excepcional	Gala celebración do día Mundial da Síndrome de Down e do 30º Aniversario de Down Lugo	2314.48911	**2.000,00 €**	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Penitenciaria Concepción Arenal	G-27119809	Excepcional	Motivación ó cambio: Programa motivacional dirixido a persoas internas en centros penais	2314.48911	**23.900,00 €**	1	Presidencia

Lugo, 30 de outubro de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 2993

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 28/10/2026 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servicio de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes **ó 5º bimestre do 2026**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/11/2026 e 31/12/2026 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/11/2026. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 28 de outubro de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2994

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

BEGONTE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2026, o expediente de modificación das bases de execución do orzamento para o actual exercicio de 2026, no relativo á concesión de subvencións nominativas, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaria deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 3 de novembro de 2026.- O alcalde-presidente, José Ulla Rocha.

R. 3015

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2026, o expediente de modificación de créditos núm. 12/2026, (4º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal, por un importe total de Douscentos un mil douscentos noventa e oito con oitenta e sete (201.298,87) euros, en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaria deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 3 de novembro de 2026.- O alcalde-presidente, José Ulla Rocha.

R. 3016

CARBALLEDO

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións ao expediente de modificación do Orzamento Xeral para o exercicio 2026, aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada con data 28 de setembro de 2026 por importe de 35.244,53€ (TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E TRE CÉNTIMOS) o expediente considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo

PARTIDAS DE ALTA

PROGRAMA	ECONOMICA	DESCRIPCION	IMPORTE
161	74	TRANSFERENCIASA ENTES PÚBLICOS Y SOCIEDADES MERCANTILES DE LA ENTIDAD LOCAL.	22.244,53
338	22609	GASTOS DIVERSOS	13.000,00

PARTIDAS DE BAIXA

450	500	FONDO DE CONTINXENCIA	35.244,53

Carballedo, 3 de novembro de 2026.- O alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3017

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación inicial de suplemento de crédito número 03/2026.

O Pleno do Concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 2 de novembro de 2026, aprobou inicialmente o expediente de suplemento de crédito número 03/2026.

En cumprimento do disposto no artigo 179.4 en relación co 169 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar ante o Pleno as reclamacións que estimen oportunas.

O expediente poderá consultarse nas oficinas municipais no horario de atención ó público e no taboleiro de anuncios da sede electrónica desta entidade: **https://castroderei.sedelectronica.gal**

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Castro de Rei, 3 de novembro de 2026.- O alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3018

CERVO

Anuncio

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2026-0750, de data 19 de agosto de 2026, polo que se aproban as bases do proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego destinada ao nomeamento de persoal funcionario interino por programa na categoría de Auxiliar Administrativo/a (Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Subgrupo C2) deste Concello.

Visto que no BOP de Lugo núm. 194, do mércores 26 de agosto de 2026, publicouse o anuncio da convocatoria e as bases que rexerán o proceso selectivo para o nomeamento como persoal funcionario interino por programa na categoría de Auxiliar Administrativo/a (Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Subgrupo C2) do Concello de Cervo, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de dez días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación.

Visto que na base cuarta das citadas bases se recollen os requisitos xerais que teñen que reunir os/as aspirantes para ser admitidos/as ao proceso selectivo e atendendo ao prazo de presentación de instancias en tempo e forma aos que fai referencia a base quinta das bases.

Logo de publicar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo e transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles para emendar os defectos a que alude o art. 68 da Lei 39/2015, (LPACAP).

Visto o informe emitido polo encargado da oficina de información e rexistro do Concello de Cervo no que fai constar que: " analizado o rexistro xeral de documentos sobre o anuncio para a convocatoria e proceso de selección para constitución dunha bolsa de emprego destinada ao nomeamento de persoal funcionario interino por programa na categoría de Auxiliar Administrativo/a, os interesados/as que presentaron alegacións á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as durante o prazo establecido, salvo erro ou omisión, non consta presentada ningunha alegación."

No uso das competencias que a lexislación en materia de réxime local me atribúe,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Designar aos compoñentes do tribunal para a selección dos aspirantes deste proceso selectivo:

Presidente

Titular: José García Insua, Tesoureiro Accidental do Concello de Cervo

Suplente: José Cuadrado Oural, Técnico de Emprego do Concello de Lorenzá

Vogais

Titular: Rosario San Isidro Franco, Técnico de Xestión de Sancións do Concello de Viveiro

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

Suplente: María del Carmen Riveira Martínez, Administrativa do Concello de Viveiro

Titular: María del Mar Varela Leal, Administrativa do Concello de Viveiro

Suplente: Natalia Mirón Domínguez, Administrativa do Concello de Viveiro

Titular: Lucía Fanego Candia, Administrativa Administración Xeral do Concello do Valadouro

Suplente: Pablo Dorado Lanza, Arquitecto Técnico Municipal do Concello do Valadouro

Titular: Sonia María Fraga Otero, Traballadora Social do Concello de Mondoñedo

Suplente: Jose Manuel Otero Corral, Técnico Persoal e Emprego do Concello de Mondoñedo

Secretaria

Titular: María Eugenia Piñeiro Díaz, Secretaria Accidental do Concello de Cervo

Suplente: Karina Irimia Gacio, auxiliar administrativo do Concello de Lourenzá

SEGUNDO.- De conformidade coa base sexta das bases que rexen este proceso, aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas:

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
ALONSO DÍAZ MARÍA ROCÍO	**9974***	SI
ÁLVAREZ VERDEAL MARÍA BEGOÑA	**5937***	SI
BRIONES MONTES ANA MARÍA	**9918***	SI
CABANA CASTRO VANESA	**5369***	SI
CALVO TORQUEMADA EVA MARÍA	**6780***	SI
DÍEZ FERNÁNDEZ CAROLINA	**5974***	NON
GUTIÉRREZ CUBA TANIA	**6364***	NON
MARTÍNEZ REGODESEVES NEREA	**8847***	SI
MOURE LÓPEZ JENNIFER	**8805***	SI
QUELLE ARAMBURO MARÍA PALOMA	**5941***	SI
SÁNCHEZ RODRÍGUEZ MARÍA DOLORES	**6218***	SI
SEOANE SUEIRAS MARÍA LUISA	**4113***	SI
VÁZQUEZ RAMOS AINHOA	**6234***	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

- NINGUNHA PERSOA ASPIRANTE EXCLUÍDA

TERCEIRO.- Citar ao tribunal e aos aspirantes conforme co seguinte horario:

Día martes, 17 de novembro de 2026

09:00.- Citar ao tribunal para a súa constitución na sala de Xuntas do Concello de Cervo, sito na Praza do Concello S/N – Cervo e valoración da fase de concurso.

Día Xoves, 19 de novembro de 2026

09:00.- Citar ao tribunal e a tódolos aspirantes para realizar a fase de oposición prevista na base oitava das bases que rexen este proceso de selección, no Edificio Forem, sito na Avenida de Galicia Nº 6 - Cervo.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Cervo, 2 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés. A secretaria accidental, María Eugenia Piñeiro Díaz.

R. 3019

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

Anuncio

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2026-0746, de data 19 de agosto de 2026, polo que se aproban as bases e a convocatoria do proceso selectivo para o nomeamento como funcionario/a interino/a por vacante dunha praza de Técnico/a Administrativo/a de Promoción Económica, Turismo e Redes Sociais (subgrupo C1) e constitución de bolsa de emprego.

Visto que no BOP de Lugo núm. 194, do mércores 26 de agosto de 2026, publicouse o anuncio da convocatoria e as bases que rexerán o proceso selectivo para o nomeamento como funcionario/a interino/a por vacante dunha praza de Técnico/a Administrativo/a de Promoción Económica, Turismo e Redes Sociais (subgrupo C1) e constitución de bolsa de emprego, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de dez días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación.

Visto que na base cuarta das citadas bases se recollen os requisitos xerais que teñen que reunir os/as aspirantes para ser admitidos/as ao proceso selectivo e atendendo ao prazo de presentación de instancias en tempo e forma aos que fai referencia a base quinta das bases.

Logo de publicar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo e transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles para emendar os defectos a que alude o art. 68 da Lei 39/2015, (LPACAP).

Visto o informe emitido polo encargado da oficina de información e rexistro do Concello de Cervo no que fai constar que: " Analizado o rexistro xeral de documentos sobre o anuncio para a convocatoria e proceso de selección para unha praza de Técnico/a Administrativo/a de Promoción Económica, Turismo e Redes Sociais, os interesados/as que presentaron alegacións á lista provisional de admitidos/as e excluídos durante o prazo establecido, salvo erro ou omisión, son os/as seguintes:

INTERESADO/A	Nº REXISTRO DE ENTRADA	DATA DE ENTRADA
CRISTINA SANMARTÍN DÍAZ	2026-E-RE-1150	07-10-2026

(…)"

No uso das competencias que a lexislación en materia de réxime local me atribúe,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Designar aos compoñentes do tribunal para a selección dos aspirantes deste proceso selectivo:

Presidente

Titular: José García Insua, Tesoureiro Accidental do Concello de Cervo

Suplente: Marta Sánchez Seivane, Arquitecta Municipal do Concello de Lourenzá

Vogais

Titular: Rosario San Isidro Franco, Técnico de Xestión de Sancións do Concello de Viveiro

Suplente: María del Carmen Riveira Martínez, Administrativa do Concello de Viveiro

Titular: María del Mar Varela Leal, Administrativa do Concello de Viveiro

Suplente: Natalia Mirón Domínguez, Administrativa do Concello de Viveiro

Titular: Lucía Fanego Candia, Administrativa Administración Xeral do Concello do Valadouro

Suplente: Pablo Dorado Lanza, Arquitecto Técnico Municipal do Concello do Valadouro

Titular: Sonia María Fraga Otero, Traballadora Social do Concello de Mondoñedo

Suplente: Jose Manuel Otero Corral, Técnico Persoal e Emprego do Concello de Mondoñedo

Secretaria

Titular: María Eugenia Piñeiro Díaz, Secretaria Accidental do Concello de Cervo

Suplente: José Cuadrado Oural, Técnico de Emprego do Concello de Lourenzá

SEGUNDO.- De conformidade coa base sexta das bases que rexen este proceso, aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas:

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
ÁVAREZ VERDEAL MARÍA BEGOÑA	**5937***	SI
ANDIÓN FERNÁNDEZ ANDREA	**3084***	SI
ANSEDE RÍO SUEVIA	**3477***	SI
BAMONDE BOUZA IAGO	**2811***	SI
CABANA CASTRO VANESA	**5369***	SI
CARBALLEIRA GARCÍA RAMÓN JOSÉ	**7212***	SI
DÍEZ FERNÁNDEZ CAROLINA	**5974***	NON
GARCÍA MIRANDA IAGO	**1411***	SI
GUTIÉRREZ CUBA TANIA	**6364***	NON
JACKSON BRENNAN IRENE	**9625***	NON
LÓPEZ CANGA LUIS	**4856***	SI
LÓPEZ NÚÑEZ ELENA	**6900***	SI
POLO CASABELLA IRIA	**6383***	SI
QUELLE ARAMBURO MARÍA PALOMA	**5941***	SI
SANMARTÍN DÍAZ CRISTINA	**5918***	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO EXCLUSIÓN
ARCE RUZO ANA ISABEL	**8881***	SI	(1)

(1) Presenta a solicitude fóra do prazo establecido, tal e como se recolle na base quinta das bases que rexen este proceso de selección e no anuncio publicado no BOP de Lugo Nº 194, do mércores día 26 de agosto de 2026.

TERCEIRO.- Citar ao tribunal e aos aspirantes conforme co seguinte horario:

Día martes, 17 de novembro de 2026

12:00.- Citar ao tribunal para a súa constitución na sala de Xuntas do Concello de Cervo, sito na Praza do Concello S/N – Cervo e valoración da fase de concurso.

Día Xoves, 19 de novembro de 2026

12:00.- Citar ao tribunal e a tódolos aspirantes para realizar a fase de oposición prevista na base oitava das bases que rexen este proceso de selección, no Edificio Forem, sito na Avenida de Galicia Nº 6 - Cervo.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Cervo, 2 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés. A secretaria accidental, María Eugenia Piñeiro Díaz.

R. 3020

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 20 de outubro de 2026 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondentes ao mes de setembro de 2026.

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 20 de outubro de 2026.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2995

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo público de centro de día correspondente ao mes de **outubro de 2026**, integrado por 24 recibos por importe total de 10.028,68 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de **outubro de 2026**, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

Guitiriz, 27 de outubro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2996

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN DO LISTADO DE COBRO DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLO ABASTECEMENTO DE AUGA E DO PADRÓN DO CANON DA AUGA DO 5º BIMESTRE 2026 (SETEMBRO-OUTUBRO) E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 26.10.2026 aprobáronse o listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canon da auga 5º bimestre 2026 (setembro-outubro).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canon da auga, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canon da auga, poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 03/11/2026 ata o 04/01/2027.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de Abanca en horario de atención ao público.

2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.

3) A través da páxina web *www.aqualia.es.*

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 28 de outubro de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2997

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMAIS INSTALACIÓNS ANEXAS OUTUBRO 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 26.10.2026 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de outubro 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 20.11.2026 ata o 20.01.2027.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 28 de outubro de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 11.06.2025, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2998

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

PARADELA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 21/2026, SEGUNDO NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 3 de novembro de 2026, o expediente de modificación de créditos nº 21/2026, segundo na modalidade de suplemento de crédito financiado con Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais, en cumprimento do que se dispón no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días contados dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, a modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Paradela, 3 de novembro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, María Montserrat Mulet Sar.

R. 3021

Anuncio

APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2026-2027

O Pleno do Concello de Paradela, en sesión extraordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2026, adoptou o acordo de aprobación do **Plan Económico-Financeiro do Concello de Paradela para os exercicios 2026-2027**, de conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En cumprimento do disposto no artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, faise público que o texto íntegro do devandito Plan Económico-Financeiro atópase á disposición do público para a súa consulta no Portal de Transparencia da Sede Electrónica deste Concello (https://paradela.gal/https://paradela.sedelectronica.gal), así como nas dependencias da Secretaría-Intervención do Concello, onde poderá ser examinado durante todo o seu período de vixencia.

Paradela, 3 de novembro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, María Montserrat Mulet Sar.

R. 3022

RIBAS DE SIL

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS

O Pleno do Concello de Ribas de Sil, en sesión extraordinaria celebrada o pasado venres, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos número Expte 332/2026, baixo a modalidade de Suplemento de Crédito financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, polo importe total de 34.000,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o devandito expediente exponse ao público mediante este anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, por un prazo de **quince (15) días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Durante o citado prazo, os interesados lexítimos poderán examinar o expediente nas dependencias municipais e formalizar ante o Pleno as reclamacións que consideren convenientes.

De conformidade co previsto no artigo 169.1 "in fine" do TRLRHL, se transcorrido o prazo de exposición pública non se presentasen alegacións ou reclamacións, o presente acordo de aprobación inicial entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo explícito, procedéndose á publicación do resumo por capítulos no BOP para a súa entrada en vigor.

Ribas de Sil, 3 de novembro de 2026.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 3023

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

SARRIA

Anuncio

O día 30/10/2026, mediante Resolución 2026-0572 (Corrixida pola advertencia de erros materiais mediante Resolución 2026-0573, de data 02/11/2026), o Presidente do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, de Sarria, Institución Socio-Sanitaria pertencente ao Concello de Sarria, acordou a contratación de Mercedes María Erazo Aguilar (**468*), como persoal laboral fixo para ocupar a praza de auxiliar xerocultora de noites, G.C. 7, incluída na OPE 2023, sendo a data de sinatura do contrato o 01/11/2026.

Sarria, 2 de novembro de 2026.- O presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3024

TABOADA

Anuncio

DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DE ALCALDÍA NO TENENTE DE ALCALDE. **Exp. 387/2026.**

Por Resolución de Alcaldía de data 28 de outubro de 2026 aprobouse a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 28.10.2026

DON ROI RIGUEIRA AGROMARTÍN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO)

Exp. 387/2026.

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Taboada en uso das facultades que lle confire o Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases del Réxime Local,

Logo de ver o **CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA** PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE "MELLORA E URBANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA, DOS SEUS ACCESOS E DA CONTORNA DO ANTIGO MATADOIRO; E **ADQUISICIÓN DE DÚAS PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA**" NO CONCELLO DE TABOADA, ANO 2025.

Logo de ver que por Resolución de alcaldía de data 28 de xuño de 2023 delegouse entre outras a Area de CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE en favor do Sr. Tenente de alcalde Don José Portela Gómez-Macías, o cal procedeu a sinatura do convenio antes citado.

Logo de ver os artigos 106 e 107 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; e ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e aos efectos de materializar parte do expediente administrativo de contratación de compra **DAS PARCELAS 19 E 20 DO PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA, e tendo en conta o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985**, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 y 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar en **Don José Portela Gómez Macías con dni: ***2076****,** Tenente de Alcalde Concello de Taboada a competencia de Alcaldía para a competencia resolutoria relativas ás fases de aprobación do gasto, adxudicación do contrato e Recoñecemento da obriga do expediente **387/2026 ADQUISICIÓN DIRECTA DO BEN PARCELAS 19 E 20 DO PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA** e en consecuencia, delegación da competencia para a sinatura de todos os documentos que se deriven do presente contrato na Notaría de Monterroso aos efectos de representar ao Concello de Taboada.

SEGUNDO. A delegación conferida na presente resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

TERCEIRO. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre e incorporarase aos oportunos efectos ao expediente das actuacións que se deriven da execución do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE "MELLORA E URBANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA, DOS SEUS ACCESOS E DA CONTORNA DO ANTIGO MATADOIRO; E ADQUISICIÓN DE DÚAS PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA" NO CONCELLO DE TABOADA, ANO 2025.

CUARTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación se establecen en ditas normas.

QUINTO. Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co lo que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interporse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía de este Concello, no termo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante Sección do Contencioso Administrativa do Tribunal de Instancia de Lugo, no prazo de 6 meses a contar dende o día seguinte a aquel en que o Concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. No caso de resolución expresa desestimatoria do recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de dous meses ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa.

Taboada, 30 de outubro de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2999

Anuncio

APROBACIÓN DEFINTIVA MC SUPLEMENTO DE CRÉDITO EXP. G667/2026

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 21 DE SETEMBRO DE 2026, sobre Suplemento de Crédito financiado con cargo ao préstamo para pago a proveedores como segue a continuación:

PARTIDAS DE GASTO

PROG	ECA	DESCRIPCION	IMPORTE
1622	22100	ENERGIA ELECTRICA	8.207,76
165	22100	ENERGIA ELECTRICA	135.915,31
312	22100	ENERGIA ELECTRICA	7.899,64
323	22100	ENERGIA ELECTRICA	3.987,46
337	22100	ENERGIA ELECTRICA	527,37
338	22799	OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	25.652,00
342	21200	EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	13.032,31
342	22100	ENERGIA ELECTRICA	3.731,65
454	21000	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	3.624,18
459	22706	ESTUDIOS Y TRABAJOS TECNICOS	2.964,50
920	22100	ENERGIA ELECTRICA	8.779,15
920	22112	MATERIAL ELECTRONICO,ELECTRICO Y TELECOMUNICACION	109,49
920	22799	OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	15.495,59
			229.926,41

PARTIDAS DE INGRESO

	ECA	DESCRIPCION	IMPORTE
	913	PTAMOS.RECIBIDOS A L.P. DE FUERA SECTOR PUBLICO	229.926,41

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Taboada, 30 de outubro de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 3000

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Actuacións Xudiciais

Expediente número: 5129/2026

Emprazamento ás persoas interesadas no recurso contencioso-administrativo procedemento abreviado núm. 111/2026 da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo, praza núm. 2

O Concello de Vilalba recibiu requirimento do expediente administrativo e emprazamento no seguinte recurso contencioso-administrativo:

- **Órgano xudicial.** Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo, praza núm. 2
- **Procedemento**. Procedemento abreviado núm. 111/2026 (NIG 27028 45 3 2026 0000208)
- **Recorrente**. Montserrat Cora Castro
- **Acto recorrido**. Resolución da Alcaldía do Concello de Vilalba do 31 de marzo de 2026, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a declaración de ineficacia da comunicación previa de obra núm. 221/2023 (expediente 2794/2023), relativa ao peche de parcela e cobertizo na Rúa Nova núm. 10

De conformidade co artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e tendo en conta a posible existencia de terceiros interesados non identificados no expediente, mediante este anuncio emprázanse as persoas interesadas para que poidan comparecer e persoarse como demandadas no procedemento indicado, ante o órgano xudicial citado, no prazo de nove días contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Vilalba, 28 de outubro de 2026.- A alcaldesa, dona Marta María Rouco Seoane.

R. 3001

XOVE

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de Xove polo que se aproba inicialmente expediente de cesión gratuíta de ben patrimonial.

Faise público acordo acadado en sesión extraordinaria do pleno do Concello de Xove celebrada o 2 de novembro de 2026, polo que se aproba inicialmente expediente de cesión gratuíta de ben patrimonial que se detalla a continuación:

FICHA INVENTARIO	Non consta		
REF CATASTRAL	27025A010012620001KO		
NOME DA FINCA	Parcela Xove-Pena Folgueira, Fulgueiro y Pena Moura, actualmente coñecida xenéricamente como "Punta Galiña"		
LUGAR:	ALTO DE LAGO	**PARROQUIA:**	LAGO
NATUREZA	PATRIMONIAL	**NATUREZA DO DOMINIO**	DE PROPIOS
TÍTULO	Escritura pública mil seiscentos oitenta e cinco COMPRAVENDA (LUIS MUIÑO FIDALGO)		
ESTADO DE CONSERVACIÓN	BO		

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

SUPERFICIE:	8.600 m² segundo escritura / 15.442 m² segundo catastro
DETERMINACIÓN DO PLANEAMENTO	SOLO RÚSTICO ESPECIAL PROTECCIÓN PAISAXÍSTICA e de COSTAS
VALORACIÓN:	13.044,48 €

Convócase, de conformidade co o artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación co o artigo 110.1.f. do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo prazo de quince (15) días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio en leste Boletín Oficial da Provincia, trámite de información pública, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente, e de que quen puidesen terse por interesados no mesmo, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

Xove, 2 de novembro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3025

Anuncio

Aprobada inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polas actuacións municipais desenvolvidas con motivo da presentación dunha comunicación previa de primeira ocupación ou utilización por acordo acadado en sesión extraordinaria do Pleno de data 2 de novembro de 2026, de conformidade co artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública polo prazo de trinta (30), a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

Xove, 2 de novembro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3026

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos número 19/2026

Tendo sido aprobado polo Pleno deste Concello o Expediente de Modificación de Créditos nº 19/2026 de Crédito extraordinario e Suplemento de Crédito, por acordo adoptado en sesión celebrada o 5 de outubro de 2.026, non tendo sido presentada ningunha reclamación ao mesmo, dando cumprimento ao que dispón o artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, faise público que dito expediente ascende a CINCUENTA E SETE MIL SETECENTOS EUROS (57.700,00 €) quedando o Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento Xeral para 2.026 como de seguido se reflicte:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	3.911.182,55
2	Gastos en bens correntes e servicios	3.817.691,95
3	Gastos financieros	2.600,00
4	Transferencias correntes	522.800,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	2.051.162,60
	TOTAL GASTOS	10.305.437,10

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	4.083.000,00
2	Impostos indirectos	360.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.289.760,00
4	Transferencias correntes	2.197.182,11
5	Ingresos patrimoniais	180.800,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	1.615.534,58
8	Activos financeiros	511.460,41
	TOTAL INGRESOS	11.295.437,10

Segundo dispón o artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo Texto Refundido, contra este Expediente poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Xove, 3 de novembro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3027

Anuncio publicado en: Num BOP 255 año 2026 (06/11/2026 08:00:00)